

EXPEDIENTE:2024/E001/000005

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO(II)

TRÁMITE: ACTA

Na Casa do Concello de Dodro sendo as 9:00 horas do 10/10/2024 reúnese o Tribunal Cualificador do proceso selectivo para a formación dunha bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro mediante o sistema de concurso oposición, segundo as bases aprobadas na Xunta de Goberno Local do 12 de xuño de 2024.

O anuncio e bases da convocatoria foi publicado no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o mércores 10 de xullo de 2024 (BOP núm. 132) e publicado no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro.

Están presentes os seguintes membros do Tribunal:

Presidenta:

María Sonia Olveira Graña, funcionaria do Concello de Dodro.

Vogais:

Araceli Vázquez Vázquez, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Natividad Lorenzo Campos, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Secretaria:

María Lourdes Diéguez Rarís, persoal laboral fixo do Concello de Dodro.

Escusa a súa asistencia Sandra María García Chenlo.

A presidenta declara constituído o Tribunal Cualificador.

O Tribunal procede a elaborar o primeiro exercicio da fase de oposición que consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de preguntas tipo test sobre o temario que se detalla no Anexo III das bases que rexen a selección, con tres alternativas de resposta na que solo unha é a correcta. (Acompaña a esta acta o cadro de respostas).

As persoas aspirantes disporán dunha hora para a contestación das preguntas, as respostas incorrectas non restarán puntuación.

Este primeiro exercicio da fase de oposición que cualificarase entre 0 e 15 puntos, o Tribunal decide que, para superar esta proba será necesario acadar a puntuación de 7,5 puntos.


Sendo as 10:00 horas o Tribunal Cualificador procede a efectuar o chamamento, por orde alfabética, das persoas que foron admitidas no proceso de selección.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
Cespón Pérez,María Otilia	***912***
Doce Portas, María del Mar	***554***


Varela Castro, Luis Alberto	***952***
-----------------------------	-----------

Repártense as copias do exame e danse as instrucións para a súa realización. A proba comeza ás 10:05 horas e transcorre sen incidencias.

Rematada a proba ás 10:20 horas, comeza a corrección do exercicio, empezando co cotexo das respostas. Finalizada a corrección dos exames procédese a apertura dos sobres que conteñen a identificación das persoas aspirantes. O resultado obtido é o seguinte.




APELIDOS E NOME	DNI/NIE	RESULTADO DO EXERCICIO	DO	1º
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	10,5		
Doce Portas, María del Mar	***554***	9,75		
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	11,25		



Segundo o estipulado polo Tribunal Cualificador, en relación a base oitava, das que rexen este proceso de selección, é preciso acadar unha puntuación de 7,5 puntos para superar este exercicio, polo tanto superaran este exercicio as persoas que teñen unha puntuación igual ou superior a 7,5.

Segundo a citada base oitava, as persoas que non puideron acreditar o coñecemento da lingua galega mediante o certificado Celga 1 ou equivalente, deberán realizar una proba escrita cunha duración máxima de 30 minutos. Está proba é obrigatoria e eliminatoria, cualificarase como APTO ou NON APTO.




A persoa que se relaciona a continuación non acreditou estar en posesión do Celga 1 e polo tanto, ten que realizar a proba de galego:

Doce Portas, María del Mar DNI ***554***

Estando presente a persoa que non acreditou o coñecemento da lingua galega, o Tribunal Cualificador e de acordo coa aspirante, decide adiantar a hora de realización da proba de galego.

As 11:00 horas, procédese ao chamamento de Doce Portas, María del Mar DNI ***554*** e repártense o exame.



Finalizada está proba, comeza a corrección do exercicio. O resultado obtido é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	RESULTADO DO EXERCICIO	DO	2º
Doce Portas, María del Mar	***554***	Apta		

Finalizada a fase de oposición o Tribunal Cualificador, procede agora coa fase de concurso. As persoas aspirantes que non obtiveran a puntuación mínima na fase de oposición e apto na proba de galego, ou ben acreditaron estar en posesión do Celga 1 ou equivalente da lingua galega, quedarán eliminados do proceso selectivo, e polo tanto, NON serán valorados na fase de concurso.

A vista do anterior serán valorados na fase de concurso de méritos as seguintes persoas aspirantes:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE
Cespón Pérez, María Otilia	***912***
Doce Portas, María del Mar	***554***
Varela Castro, Luis Alberto	***952***

Procede agora o Tribunal Cualificador a examinar os méritos debidamente xustificados, polas persoas aspirantes que superaron a fase de oposición. Valóranse os méritos achegados polas persoas aspirantes segundo os criterios establecidos nas bases.

"8.2.- Fase de concurso de méritos (Puntuación máxima 5 puntos) por experiencia profesional en postos de auxiliar de axuda a domicilio:

A) Por servizos prestados en calquera Administración Pública na mesma categoría ou posto de traballo á que se pretende acceder, 0,05 puntos/mes completo.

Os períodos inferiores ao mes, computaranse proporcionalmente.

Acreditárase presentando certificado de servizos prestados da administración correspondente, na categoría de auxiliar de axuda a domicilio e máis vida laboral completa.

B) Por cada mes de servizos prestados na empresa privada nos mesmos termos indicados nos apartados anteriores,

e referidos ós últimos cinco anos: 0,025 puntos/mes.

Os períodos inferiores ao mes, computaranse proporcionalmente.

Acreditárase con informe de vida laboral completo e certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto.

A suma da puntuación destes dous apartados non poderá exceder de 5 puntos."

O Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros outorga a seguintes puntuacións trala valoración dos méritos referidos.

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	Servizos prestados en calquera Administración Pública na categoría de auxiliar de axuda no fogar.	Servizos prestados na empresa privada nos últimos 5 anos na categoría de auxiliar de axuda no fogar.
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	0 puntos (Non achega certificado de servizos prestados da administración correspondente, na categoría de auxiliar de axuda a domicilio e máis vida laboral completa)	0 puntos (Non achega informe de vida laboral completo e certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto)

Doce Portas, María del Mar	***554***	0 puntos (Non achega certificado de servizos prestados da administración correspondente, na categoría de auxiliar de axuda a domicilio)	0 puntos (Non achega certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto)
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	0 puntos (Non achega certificado de servizos prestados da administración correspondente, na categoría de auxiliar de axuda a domicilio e máis vida laboral completa)	0 puntos (Non achega informe de vida laboral completo e certificado de empresa ou contrato no que conste a categoría ou posto)

Finalizadas todas as fases do proceso selectivo, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros, procede a establecer a puntuación final das persoas candidatas, determinada pola suma das puntuacións obtidas na fase de oposición e na fase de concurso, cunha puntuación máxima de 20 puntos. O resultado é o seguinte:

APELIDOS E NOME	DNI/NIE	FASE DE OPOSICIÓN	DE	FASE DE CONCURSO	DE	TOTAL
Cespón Pérez, María Otilia	***912***	10,75		0		10,75
Doce Portas, María del Mar	***554***	9,75		0		9,75
Varela Castro, Luis Alberto	***952***	11,25		0		11,25

O resultado obtido por puntuación en orde decrecente é o seguinte:

- 1º Luis Alberto Varela Castro
- 2º María Otilia Cespón Pérez
- 3º María del Mar Doce Portas

A vista do anterior, ás 11:40 horas o Tribunal Cualificador, por unanimidade dos seus membros **ACORDA:**

Primeiro.- Que se publique esta acta no Taboleiro de Anuncios da sede electrónica do Concello de Dodro. As persoas aspirantes disporán de 2 días hábiles contados dende o seguinte a esta publicación, para presentar as alegacións que estimen oportunas no Rexistro Xeral do Concello de Dodro.

Segundo.- De conformidade co disposto nas bases que rexen este proceso selectivo, PROPOÑER AO ÓRGANO COMPETENTE, a formación da seguinte bolsa de emprego para auxiliares de axuda no fogar do Concello de Dodro, coa seguinte prelación:



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

1º Luis Alberto Varela Castro
2º María Otilia Cespón Pérez
3º María del Mar Doce Portas

Sendo as 11:50 horas dáse por rematado o acto, estendéndose esta acta que asinan todos os membros do Tribunal Cualificador do que dou fe.

A presidenta

María Sonia Olveira Graña

A vogal

Araceli Vázquez Vázquez

A secretaria

María Lourdes Diéguez Rarís

A vogal

Natividad Lorenzo Campos



Tallós, 32 - 15981 Dodro (A Coruña)
Tfno: 981 802 062
info@dodro.gal
www.dodro.gal

EXPEDIENTE: 2024/E001/000005

ASUNTO: PROCESO SELECTIVO PARA FORMACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA AUXILIARES DE AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE DODRO (II)

TRÁMITE: CADRO DE RESPOSTAS

CADRO DE RESPOSTAS

PREGUNTA	RESPUESTA CORRECTA
1	B
2	B
3	A
4	A
5	A
6	A
7	B
8	C
9	C
10	A
11	B
12	B
13	B
14	B
15	B
16	A
17	B
18	B
19	C
20	B
RESERVA 1	C
RESERVA 2	A